

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello da Coruña recordándolle que de acordo coa normativa de Administración local e a normativa de transparencia, debe ditarse resolución expresa sobre as solicitudes de acceso á información presentadas polo interesado, proporcionándolle o acceso á información solicitada, ou no caso de que non proceda, xustificando adecuadamente na resolución os motivos nos que se basea a limitación do acceso ou a súa inadmisión.

Expediente: N.9.Q/9675/22

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2023

Sra. alcaldesa:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX con data do 25 de outubro de 2022, no que indica que con data do 20 de xuño de 2019 presentou solicitude ante o Concello da Coruña, do que se remitiu copia ao Concello, sen obter resposta e con data do 4 de abril de 2023 presentou novo escrito sen obter resposta.

#### **ANTECEDENTES**

A queixa foi admitida a trámite, iniciándose un procedemento informal e sumario no que con data do 22 de novembro de 2022, solicitouse informe ao Concello da Coruña.

Con data do 1 de decembro de 2022, o Concello contesta á petición remitindo informe no que fai constar que o interesado presentou recurso contencioso-administrativo contra o acordo do 22 de decembro de 2021 da Xunta de Goberno Local relativo á resolución do expediente de revisión de oficio dos acordos do Sector-7, Recinto Ferial, así como contra o acordo do 16 de febreiro de 2022 desestimatorio do recurso de reposición por el presentado.

Consta que con data do 25 de outubro de 2022 a representación procesal do interesado presentou un escrito no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, desistindo do dito procedemento xudicial dado que á vista do expediente administrativo remitido polo Concello demandado e nomeadamente do informe preceptivo e vencellante do Consello Consultivo de Galicia e da revisión do informe de data 30 6 22, desiste do procedemento.

Neste momentos, precisamente estase a realizar un estudio con respecto as medidas adoptar nun tema especialmente complexo, onde non só foi modificada a realidade xurídica senón tamén a física con respecto ás parcelas de orixe que conformaron inicialmente o proxecto de compensación do Sector-7, *Recinto Ferial* e en consecuencia, e dado que a dita información está en curso de elaboración non procede acceder ao solicitado polo Sr. XXX, sen prexuízo de

que a permanente presentación de escritos sobre o mesmo asunto poida considerarse manifestamente repetitiva ou cun carácter abusivo non xustificade, tendo en conta asemade que o interesado desistiu do recurso contencioso-administrativo contra o acordo municipal de revisión de oficio de Someso.

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- O artigo 18.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece o dereito dos veciños a ser informados, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, consonte o previsto no artigo 105 da Constitución. Este precepto debe relacionarse con outras previsións contidas nese mesmo texto normativo, tales como o artigo 69 do dito texto legal, que obriga as corporacións locais a facilitar a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local; ou o 70.3, onde se regula o dereito dos cidadáns para obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105.b) da Constitución.

**SEGUNDA.**- O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resolución expresa, documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

Como estableceu a recente sentenza do Tribunal Supremo 670/2022, do 2 de xuño, o artigo 18.1 Lei 19/2013 establece diversas causas de inadmisión das solicitudes de acceso á información pública, e a súa aplicabilidade debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na Lei 19/2013, que impón unha interpretación estrita, cando non restritiva das causas de inadmisión a trámite das solicitudes de información, polo que o dereito somentes se verá limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información -derivado do disposto na Constitución Española- ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos, e que en todo caso debe quedar convenientemente xustificada.

No presente caso, conséntase que por parte do Concello non se ditou resolución expresa sobre a solicitude de acceso á información, polo que se considera necesario, en aplicación do

disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello da Coruña, o seguinte:

### **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**

Recordámoslle que de acordo coa normativa de Administración local e a normativa de transparencia, debe ditarse resolución expresa sobre as solicitudes de acceso á información presentadas polo interesado, proporcionándolle o acceso á información solicitada, ou no caso de que non proceda, xustificando adecuadamente na resolución os motivos nos que se basea a limitación do acceso ou a súa Inadmisión.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.



Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo